



Monumento ó xornalista e escritor Valentín Lamas Carvajal nos xardíns do Posío

Xabier Limia de Gardón

Dr. en Historia da Arte, autor do libro *“Antonio Faílde, el escultor que escuchó la música de las piedras”*, Caixanova, Ourense, 2001, estudo definitivo deste mestre da escultura galega do terceiro cuarto do pasado século.

O ronsel de Faílde en Ourense

(un percorrido tralo centenario do seu nacemento)

Texto: **Xabier Limia de Gardón**

Fotos: **Xavier Álvarez**

Faílde nace, casualmente, en Ourense, na parroquia de A Trindade, en xullo de 1907. Setenta e dous anos despois, morre, noutro mes de xullo, logo dunha dura vida profesional de canteiro e marmorista, acadando o recoñecemento no eido das artes desde 1951, tras dúas exposicións individuais, a do Orfeón ourensán, e a do Foto Club de Vigo: ese ano foi o escultor elixido para ir con outros seis artistas, todos pintores -Díaz Pardo, Laxeiro, Maside, Pesqueira, Julia Minguillón e o seu amigo Prego de Oliver-, a expoñer no Centro Gallego de Buenos Aires. Morre en 1979, deixando máis seguidores -caso de Arturo Baltar-, que discípulos. E numerosas obras na cidade, que pretendemos dar conta a fin de lembralo, cando fai pouco que se ten cumprido o centenario do nacemento, e faltan uns meses para a trinta conmemoración da súa morte.

Antonio Faílde tentou ver sempre a vida que agachaban as pedras: desde canteiro, oficio que aprendeu desde os dez anos na canteira de Piñor co mestre Serafín Montero, quen lle pon o significativo alcume de “o leirón”; e logo xa desde o cambio de nivel na Escola de Artes y Oficios de Ourense, con vinte anos, onde está tres cursos, e un ano máis en Madrid. O modelado e o debuxo, as decenas de barros con-

servados; os centos de debuxos en cadernos, panos de papel de cafetería ou do hotel Parque, follas de periódicos, programas de exposicións ou, incluso en libros. Como si lle faltara tempo, non é paixón, senón necesidade: a de asumir as pegadas de Maillol e Rodin, pero aínda máis as de Henry Moore, escultor por cuxa obra sentiu verdadeiro entusiasmo. Inicialo comentario das obras que deste escultor se atopan na cidade de Ourense é facer un percorrido por outro tempo, aquel da España franquista, desde os anos posteriores á guerra mundial, que prolongaron a durísima postguerra civil. Unha época da severa ditadura militar que os historiadores denominan da autarquía. As súas obras reflicten a ideoloxía dominante.

AS PRIMEIRAS OBRAS DO PERCORRIDO HISTÓRICO

A primeira obra na que intervéen é o **monumento ó xornalista e escritor Valentín Lamas Carvajal** nos xardíns do Posío, que foi inaugurado o 11 de novembro de 1949, coincidindo co centenario do seu nacemento. Son súas as estatuas sedentes dos “tipos

"A rapaza" e "O tío Marcos da Portela", estatuas sedentes a carón do busto de Lamas Carvajal.



galegos" a carón do busto que fixera Manuel Pascual en 1907, e que son a representación dos seus famosos personaxes, "A rapaza" e "O tío Marcos da Portela". O monumental conxunto ten bancos corridos baixo as estatuas, a ámbolos lados. Foi proxectado por Mariano R. Sanz, segundo un bosquejo de Alejandro R. Veiras. Ela vai descalza, con mandil e pano sobre a cabeza, e agarra contra o peito, pensativa, unha flor; mentres que o home semella vestido de máis fuste, pois leva camisa con chaleco e faixa, con calzón, polainas e botas, e ademais monteira. Ten as pernas cruzadas, e colle un pau corto -"pau do cordón"- contra o corpo apoiando a esquerda sobre un libro pechado. Fai uns anos foi trasladada para o ángulo NE do parque.



A súa seguinte obra pública foi na zona N da cidade, para o monumento do poeta Manuel Curros Enríquez, que se lle dedica diante do seu Colexio co gallo do centenario do nacemento en 1951. O busto estaba xa feito por Enrique Barros con anterioridade, decidindo agora que presida un monumento, sobre un alto pedestal, diante do que se colocase a súa obra, "A Rosiña", a rapaciña protagonista da composición do poeta "A Virxe do Cristal", premiada nos Xogos Florais de Ourense en 1877. A mociña de dezaseis



Monumento a Manuel Curros Enríquez (vista xeral) e pormenor de "A Rosiña" (1951).



María Auxiliadora (1954).

anos que era “*un feitiño de linda*”, e bebía os ventos por Martiño. O loureiro nas súas mans alude ós seus amores imposibles, historia que remata en traxedia¹. Uns poucos anos despois, en 1954, os PP. Salesianos encárganlle a estatua que da nome ó Colexio: **María Auxiliadora**, tamén, como as anteriores de pedra, ano no que polo mes de Maio se inaugura o centro docente. A súa seguinte obra é máis monumental aínda, pois encárgaselle que faga a estatua da **Virxe de Fátima** para a fachada do santuario que está a levantar o arquitecto Manuel Conde. A xigantesca peza pétreo, de dezasete toneladas, é colocada en abril de 1956.

Desde 1943, Antonio Faílde viña gozando dun status distinto ó de canteiro e marmorista dos seus primeiros anos, logo de ter rematado en 1934 na “Escuela Provincial de Artes y Oficios”, oficio que foi o seu sustento prioritario trala guerra civil, do que é mostra o “monumento ós caídos” inaugurado na vila de Cea en Maio de 1944, diante do santuario da Virxe da Saleta, hoxe



A Virxe de Fátima (1956).

desaparecido². Nela vai estar interino sempre, ata que a deixe mediado o ano 1956. Paralelamente o mestre se sentía artista, tralo seu paso pola “Escuela de Artes y Oficios” de Madrid durante un curso (1934/1935). Así en xuño de 1949 fai a súa primeira exposición individual no Orfeón, daquela na céntrica Avenida de Pontevedra, con boas críticas de Vicente Risco e Manuel

1. Para GALLEGO ESPERANZA, Mercedes: “Aproximación a la escultura de los centros escolares de Orense”, *Porta da Aira*, Ourense, IV, 1991, pp. 140-141, todo é de 1932, o que non é posible. A placa de mármore no pedestal do monumento é un recordo “*de los/ ex-residentes/ en Cuba a/ quienes tanto prestigió/ en la emigración/ 1851-1951*”, sendo esta derradeira data a da súa erección. Cfr. LIMIA GARDÓN, *Antonio Faílde, el escultor que escuchó la música de las piedras*, Caixanova, Ourense, 2001, p. 39.

2. Cfr. diario La Región, día 25, p. 4



Relevo na fachada do colexio dos Maristas (1959).



O "afiador" e o "paragueiro" (1957).

Prego, os seus principais mentores. No ano seguinte vai a Vigo, sendo 1951 o do seu empurrón cara América, como temos dito. E de 1953 data a exposición en Madrid, da que ven de volta cargado de magníficas críticas, entre as que se pode salientar a de Camón Aznar, un dos ideólogos do réxime desde o eido cultural, sendo recompensado o ano do monumento nos Salesianos coa presenza na IIª Bienal Hispanoamericana de las Artes, celebrada en Cuba, mostra internacional que repite, agora en Barcelona en setembro de 1955. Así pois, a mediados de 1956 decide renunciar a seguir dando clases na Escola de Artes e Oficios, logo de non ter resposta da súa petición feita uns anos antes. O taller da rúa Bedoya esquina Buenos Aires estabábase xa a facer pequeno e aínda que vai aturar ata 1960, para cambiarse algo máis arriba, na rúa Pardo Bazán, aproximadamente onde está aínda a marmorería funeraria do fillo pequeno do mestre. Non é unha aposta no ar, precisamente. Así acada o grande merecemento no inicio de 1957, de "correspondente" da "Academia de Bellas Artes de San Fernando" (Madrid).

A seguinte obra desta nova etapa será a das estatuíñas do "afiador" e o "paragueiro", instaladas ante

a estación do tren da cidade, en San Francisco, para a inauguración daquela no mes de xullo de 1957. Deterioradas, foron refeitas polo mestre canteiro Manuel Padrón a fins do ano 2006, e recolocadas no xardín dos nenos, sobre o túnel da vía, ó N. da vella estación.

Outro encargo é que lle fai o **Instituto dos Irmáns Maristas** para o seu novo Colexio que co nome de “Santa María” están a facer, e que queren que luza na súa fachada **dous relevos**: na rúa Bedoya o de Xesús como mestre, e na de Valle Inclán o do fundador o Beato francés Marcellin Champagnat. Desde que firma o contrato o 6 do mes de setembro de 1958 traballa nos temas, que coloca antes da festa do fundador, nos primeiros días do mes de xuño do ano seguinte³.

Está a preparar entón unha magna exposición para Madrid, na sala da Dirección General de Bellas Artes, que se inaugura no inicio do ano 1960. Os temas, con figuras de mulleres espidas en moitos casos, deixa ver a diferenza, e contraste, que hai entre estas obras persoais, e para exposicións en galerías e salóns e os encargos monumentais urbanos. Os eloxios son unánimes. E o recoñecemento á súa creatividade por parte de Ramón Otero Pedrayo, José Luís López Cid, Vicente Risco ou Manuel Prego, ademais do seu alumno Arturo Baltar, que traballa a terracota figurativa de figuras populares sempre con pequena escala. Todos o eloxian publicamente nunha homenaxe que lle fan no Hotel Parque. Son, os seus amigos de faladoiro do círculo ou “*peña dos sabios*”.

Nos anos seguintes hai máis obras públicas tradicionais. Así a do **cruceiro** cabe do Museo arqueolóxico, **na rúa Bispo Carrascosa**, de 1961, onde se escoita a voz plástica do gótico - renacentístico da parroquia na que naceu, o do adro da Trindade, coa figura do padroeiro San Martiño no varal. Ou o **grupo dos pastoriños da aparición de Fátima**, que axeonllados no medio do adro, rezan, co neno entre as nenas, mirando cara a escultura da Virxe. Aquí os planta no primeiro terzo de 1962. Están aquí antes da inauguración do altar maior a finais de abril de dito ano. Paralelamente o arquitecto Manuel Conde está tamén a facer a **igreja de Mariñamansa**, no S. da cidade, que se dedica ó Papa Pío X, novo santo



Cruceiro cabe do Museo arqueolóxico, na rúa Bispo Carrascosa (1961).

3. O seu proceso, cós debuxos e maqueta, téñoos estudado recentemente, cfr. LIMIA GARDÓN, op. cit., pp.58ss.



Grupo dos pastoriños da aparición de Fátima (1962).

desde 1954. A obra, que se inicia no arquitectónico na segunda metade do ano 1961, avanza con rapidez, e en setembro de 1963 Faílde xa ten colocados **os seis capiteis** onde plasma a vida do novo santo, e **os grandes relevos do frontis**, como Papa, e cómo cura no acto de impartir a comunión.

E logo están as dúas de túmulos funerarios, encargos que lle proporcionaron o *primum vivere* ó escultor, espallados pola provincia e outras partes. No **cemiterio de San Francisco** pode servir de mostra deles o **da familia Castro Tourón**. Mais nun número notable os panteóns van máis aló das trazas austeras e levan un relevo ou escultura. Así están o monumental **da familia de Darío Barrios Estévez**, que preside unha gran estatua do Sagrado Corazón en actitude de bendicir arrimado a unha cruz sobre a clave dun poderoso arco, que agacha no testeiro un significativo relevo: a figura dun Anxo en voo en actitude de poñerlle a coroa ó finado, con traxe, no extremo da composición. Fora dela dúas esculturas de anxos, que portan cartelas con inscricións. Temos estudado

unha obra semellante no cemiterio de Loeda (Piñor), datada en 1969, que hai que poñer en relación⁴. Nesta mesma dirección –segundo noso sentir aínda máis sobranceiro–, é o **panteón da familia Junquera Cerviño**, de mármore e granito, que presenta un máis que notable relevo do Descendemento, obra firmada, que completa un relevo superior e dúas estatuas de Anxos ós lados. É o de máis calidade que ten neste cemiterio. Tamén é de mármore o relevo central do tímpano da Piedade entre dúas figuras, na **tumba do Dr. Julián Bravo Pérez**, que sobresaie por volume do exíguo en extremo marco. Este mesmo tema, aínda que máis rico compositivamente é o do panteón da **familia de Santiago Campos Ramos**, no que a Virxe está de xeonllos sostendo a Cristo sedente, morto, entre Xoán, a Madalena e outra muller en actitude orante, unha variante iconográfica que depende dos seus coñecementos libresco. Deixamos para o final deste percorrido funerario a escultura do gran anxo sedente que coroa o **panteón de Eugenio Lorenzo Ripamonti**, que hai que poñer en relación co anxo tamén pensativo aínda que

4. LIMIA GARDÓN, Francisco Xabier: "Tumba de los Ordóñez, en Loeda, con esculturas de Antonio Faílde", Porta da Aira, Ourense, VII, 1996.



Capiteis e relevos do frontis da igrexa de Mariñamansa (1963).

de pé da tumba da familia Rodríguez Vilanova obra do grande escultor palentino Victorio Macho (1887-1966), obra anterior que de seguro inspirouno tanto a il cómo ó comitente que lle encargou a obra.

Mais será noutra obra tamén de encargo, de características civís, na que poida expresarse, por estes anos, dun xeito máis persoal: o **Mural para o pavillón da Casa de Campo (Madrid)**, hoxe nos xardíns de Faílde, cabe do pavillón municipal que co nome de Francisco Franco está a carón da capela da Virxe dos Remedios, que lle da agora nome. Foi proxectado

polo arquitecto Manuel Conde Aldemira, encargo da Cámara Sindical Agraria de Ourense, para a “Vª Feria Internacional del Campo” Para iso Faílde debe facer así unha obra relivaria de grandes dimensións (oito metros de longo por tres de alto), pois debía servir de separación entre a á destinada a exposición e a do bar. Así neste lado vai a fachada, friso en relevo con tratamento pictórico da vida tradicional ourensá: o campo e as súas faenas agropecuarias, nas que non falta a alusión bucólica coa introdución da música; e no outro extremo o mundo da artesanía (cantería, afiador). A parte posterior, os altorrelevos son peque-



Tumba do Sagrado Corazón, de Darío Barrios.



Na tumba do Dr. Julian Bravo Pérez.



Panteón da familia de Eugenio Lorenzo Ripamonti.

*Tumba do descenso,
da Familia Junquera Cerviño.*




*Descendemento no panteón da familia
de Santiago Campos Ramos.*





Mural para o pavillón da Casa de Campo (Madrid), boxe nos xardíns de Faílde.



nos pero con maior volume, que aluden á vendima, das terras do Ribeiro. Foi inaugurado o 23 de Maio de 1962. E alí queda no curso das décadas seguintes ata que en maio de 1986, xa coa Democracia, fanse xestións para a súa reversión, acordando o Concello instalalo inicialmente no amplo cruzamento da rúa de Curros Enríquez coa estrada de Ponferrada, pero finalmente se inaugura onde comentamos o 6 de Outubro de 1989. O seu fillo, que fora o seu principal axudante, supervisou o desmonte e traslado. Sabedor da valía da obra, Segundo Alvarado Feijóo-Montenegro, periodista, poeta e director teatral, amigo de Faílde, foi un dos que loitou con máis pulo para que esta obra regresase a Ourense⁵.



“Adán e Eva”.

Quedan, finalmente, unha serie de obras doutro tipo. Todas elas teñen un denominador común: pertencen ó maxín do Faílde que voa máis aló dos encargos da arte pública, de características relixiosas, e politicamente correcta co Réxime. Por elo a súa temática se expresa con figuras espidas, feitas para unha contemplación privada, por máis que algunha delas teña dimensións monumentais, ou se baseen na Biblia, como o gran relevo de “Adán e Eva”, hoxe nunha parede menor da **Escola de Artes** que leva o seu nome, “Antón Faílde”, no barrio de A Cuña, obra merecedora de presidir o centro desde a propia fachada. Por aquel motivo o mencionado centro recibíuna en doazón, ó igual que outras tres figuras de donas espidas, hoxe en vitrinas en diferentes salas.

Na fonte da Praza de San Cosme.



Tamén para a nova fonte da **Praza de San Cosme**, e co fin de estar perdo das obras de Baltar, Virxilio e Quessada na instalación do Belén sito no interior da antiga capela do século XVI se escolleu una pequena peza escultórica de grupo, onde non luce, sexa por a mala escolla, ou polo continente da propia fonte e da árbore central, onde se ubica.

Mais é a obra do Parque Miño a figura máis persoal e pública de todas esas obras que falan do outro Faílde: unha muller espida sedente, na que se pode ver a distancia percorrida entre o bloque da canteira e a talla da pedra logo do debuxo ou boceto do mestre. Coas súas limitacións (así nos pés, principalmente, en impensable posición) a obra nos fala do grande impulso que logrou darlle á escultura nunha época como a franquista, desde a súa cosmovisión singular en todo o tocante ó universo feminino coa súa arte chea de sensibilidade e tenrura. O seu necesario museo agarda unha próxima decisión, que non quede lonxe do futuro...

5. Cfr. LIMIA GARDÓN, 2001



A escultura do Parque Miño é a artisticamente máis persoal das que ten na cidade: a pedra convértese en carne de muller, unba das teimas do noso mestre escultor.